

LINGUA GALEGA E LITERATURA

2º PARCIAL, 2ª AVALIACIÓN

3º ESO

Nome e apelidos:

Curso e grupo:

Data:

1. Le a seguinte cantiga medieval de carácter satírico e responde:

Que tipo de sátira se está facendo? Xustifica a túa resposta tendo en conta o tópico que se está atacando. FACER NO FOLIO EN BRANCO. 1,5 PUNTOS.

De vós, senhor, quero eu
dizer verdade
e nom ja sobre o amor que
tenho por vós:
senhor, bem maior é vossa
estupidez
do que a de quantas outras
conheço no mundo
tanto na feiúra quanto
na maldade

2. Cal é a clasificación das cantigas de Santa María? Describe cada un dos tipos. FACER NO FOLIO EN BRANCO. 1,5 PUNTOS.

3. Que obras pertencen á prosa literaria medieval? Indica que temática desenvolven. Nomea unha obra para cada caso. FACER NO FOLIO EN BRANCO. 2 PUNTOS.

4. Xustifica o emprego dos signos de puntuación indicados nas seguintes oracións. FACER NO FOLIO EN BRANCO. 1,5 PUNTOS.

- Xoán, hoxe non quero que falemos de nada. Mañá, que é domingo, a ver se me atopo mellor.

As comas.

- Fomos ver varios tipos de vivendas: un piso nas aforas, demasiado lonxe; un piso no centro, demasiado pequeno; unha casaña preto dos meus pais, demasiado vella.

Os dous puntos e o punto e coma.

- Medroume moito o pelo: teño que ir cortalo.

Os dous puntos.

5. Pon letra maiúscula cando sexa necesario. Márcaas por riba das minúsculas. 1 PUNTO.

- A real academia galega dedicou o día das letras galegas do ano 2010 a Uxío Novoneyra.
- Eu vivo na avenida da constitución, que está preto do edificio do museo etnográfico de Galicia.
- María dixo: “non quero que esteades aquí!”
- Cada mañá compro o xornal Galicia hoxe.
- A literatura do romanticismo é a que máis me gusta.
- Se queres estudar matemáticas, deberías falar coa directora do noso instituto, esa sra. pódete axudar.
- Varios doutores en historia dedícanse ao estudo da idade contemporánea.
- Querida Carne: estou pensando en irte a visitar...

6. Identifica os determinantes e os pronomes nas seguintes oracións e despois indica de que tipo son e cal é o seu xénero e número. FACER NO FOLIO EN BRANCO. 1,5 PUNTOS.

- A segunda vez que nos vimos eramos poucas persoas.
- Aquel parécese un mal bicho.
- Teu pai recoñeceu varios erros, pero concretamente un, non.
- Que razón tes para facerme este desprezo?

7. Reescribe as seguintes oracións corrixindo, se é necesario, os erros referidos ao emprego dos artigos e dos demostrativos. 1 PUNTO.

- Istoutro que me contas parécese feito con unha maldade impropia del.
-

- De aquela iamos a praia a calquera hora do día.
-

- Istos libros gústanme máis que aqueles outros.
-

- Eses cadros que están alí fóra viñeron de A Coruña.
-

- En unha viaxe compartín ca miñas amiga un dos meus segredos.
-